

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. De conformidade co artigo 26 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, no Servizo Galego de Saúde, para acceder aos procesos de selección fixa pola quenda de promoción interna, as persoas aspirantes deben ter nomeamento como persoal estatutario fixo:

- A) Durante, polo menos, un ano na categoría de procedencia.
- B) Durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia.
- C) Durante, polo menos, tres anos na categoría de procedencia.
- D) Non se esixe a acreditación de ningún período previo de permanencia como persoal estatutario fixo na categoría de procedencia.

2. Segundo o artigo 44 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade:

- A) Todas as estruturas e dispositivos, públicos e privados, ao servizo da saúde integran o Sistema Nacional de Saúde.
- B) O Sistema Nacional de Saúde é o conxunto dos servizos de saúde da Administración do Estado e dos servizos de saúde das comunidades autónomas.
- C) O Sistema Nacional de Saúde é o conxunto dos servizos de saúde das comunidades autónomas.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

3. Con relación ás retribucións básicas do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinala a afirmación incorrecta:

- A) As retribucións básicas do persoal estatutario son soldo, trienios e pagas extraordinarias.
- B) As retribucións básicas do persoal estatutario poderán ser diferentes en cada servizo de saúde.
- C) O soldo asignase a cada categoría en función do título exixido para o seu desempeño.
- D) As pagas extraordinarias serán dúas ao ano e devengarase preferentemente nos meses de xuño e decembro.

4. En cantas áreas sanitarias se divide territorialmente o Sistema Público de Saúde de Galicia?:

- A) Catro áreas.
- B) Seis áreas.
- C) Sete áreas.
- D) Catorce áreas.

5. Sinala a afirmación correcta contida no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu Título I:

- A) O Parlamento de Galicia é inviolable.
- B) A circunscrición electoral será, en todo caso, o municipio.
- C) Os deputados autonómicos están suxeitos a mandato imperativo.
- D) O Parlamento autonómico está constituído por deputados elixidos por sufraxio restrinxido, igual, libre, directo e secreto.

6. Segundo o artigo 10 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, o documento de consentimento informado deberá conter os seguintes datos mínimos:

- A) Identificación do centro.
- B) Declaración do paciente de que coñece que o consentimento pode ser revogado en calquera momento con expresión da causa da revogación.
- C) Identificación do persoal de enfermaría que informa.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

7. Segundo o disposto no artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, a vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:

- A) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- C) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

8. Segundo o artigo 10 da Constitución Española, a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento:

- A) Da orde política e da paz social.
- B) Da orde política e da igualdade social.
- C) Da igualdade e da paz social.
- D) Da orde constitucional.

9. O persoal estatutario fixo cando acceda a unha praza de formación sanitaria especializada mediante residencia será declarado na situación de:

- A) Suspensión de funcións.
- B) Servizos especiais.
- C) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- D) Servizos baixo outro réxime xurídico.

10. De conformidade co artigo 70 da Lei de saúde de Galicia, as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios son:

- A) As áreas sanitarias.
- B) Os distritos sanitarios.
- C) As zonas sanitarias.
- D) As unidades de atención primaria.

### Proximas de reserva

1. De conformidade co artigo 3 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) O consentimento informado será verbal en todo caso.
- B) O consentimento informado será escrito por regra xeral.
- C) Nos casos de intervención cirúrxica o consentimento deberá prestarse por escrito.
- D) As respostas B) e C) son correctas.

2. De conformidade co artigo 75 da Lei de saúde de Galicia, corresponde ao Consello da Xunta:

- A) A aprobación da estrutura orgánica da consellería de sanidade.
- B) A vixilancia e control da publicidade susceptible de repercutir negativamente na saúde das persoas.
- C) A proposta de incorporación de novas prestacións no Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) A proposta dos módulos económicos para a prestación de servizos propios e a aprobación dos concertados.